

## FORMADOR/A DE MENTORES/AS

*Campus de Vigo*

### Presentación

---

O curso de **Formador/a de mentores/as** é a continuación do curso de Competencias transversais para o desenvolvemento persoal e profesional.

### Obxectivos

---

- Xerar unha rede de persoas formadoras de mentores/as estudantes.
- Proporcionar formación máis específica en competencias, mentoría e implantación de programas de mentoría.

### Duración

---

Trátase dunha actividade presencial cunha duración de 48 horas.

### Lugar de impartición

---

Campus de Vigo. Escola de Enxeñaría de Telecomunicación LD02.

### Calendario e programa

---

Data	Contidos	Profesorado
23 de febreiro de 2016 de 16.30 a 20.30	Introdución ao curso. Mentoría	Ana Belén Sanjuán Núñez
1 de marzo de 2016 de 16.30 a 20.30	Mentoría	Ana Belén Sanjuán Núñez
10 de marzo de 2016 de 16.00 a 20.30	Liderado	Sofía Ramos Andrade
16 de marzo de 2016 de 16.00 a 20.00	Técnicas de estudo	Ana Gómez García
31 de marzo de 2016 de 16.00 a 20.00	Xestión do tempo	Sandra Mesías Otero

5 de abril de 2016 de 16.00 a 20.00	Xestión do tempo	Sandra Mesías Otero
7 de abril de 2016 de 16.00 a 20.00	Técnicas de comunicación oral	María Belén Varela Romero
11 de abril de 2016 de 16.00 a 20.00	Técnicas de comunicación oral	María Belén Varela Romero
14 de abril de 2016 de 16.00 a 19.30	Traballo en equipo	Sofía Ramos Andrade
19 de abril de 2016 de 16.00 a 20.00	Motivación	Sandra Prieto López
21 de abril de 2016 de 16.00 a 20.00	Alicerces do benestar psicolóxico	María Belén Varela Romero
26 de abril de 2016 de 16.00 a 20.00	Mentoría. Peche do programa	Sandra Prieto López

## Profesorado

### Ana Belén Sanjuán Núñez

É licenciada en Psicopedagogía pola Universidade de Santiago de Compostela, MBA pola Universidade da Coruña e Programa de Desenvolvemento Directivo pola *Escuela de Negocios Novacaixagalicia*. Está certificada en Coaching sistémico por equipos por ICF (International Coach Federation) e é Coach senior pola AECOP (Asociación Española de Coaching Executivo-Organizativo e Mentoring).

Ao longo da súa traxectoria profesional sempre estivo vinculada aos departamentos de RRHH e o desenvolvemento de persoas en diferentes compañías de ámbito nacional e internacional. Participa desde 2012 coa Fundación Barrié, na coordinación de MentoresBarrié (a rede de mentoring da Fundación Barrié) e en CompeteXGalicia, un programa de desenvolvemento de competencias para a empregabilidade das persoas tituladas. É formadora habitual de EducaBarrié na área de intelixencia emocional.

Na actualidade colabora con diferentes empresas e organizacións en proxectos de coaching, mentoring e desenvolvemento directivo.

### María Belén Varela Romero

Avogada e especialista na dirección de persoas. A súa traxectoria directiva inclúe multinacionais do sector servizos, alimentación e automoción. Formou parte dos comités de relacións laborais de ANFACO e CEAGA e é presidenta de AEDIPE (Asociación Española de Dirección e Desenvolvemento de Persoas) en Galicia.

Nos últimos anos dedicouse ao estudo do comportamento humano nas organizacións e a explorar o campo das fortalezas humanas e o benestar subxectivo. É autora de *La rebelión de las moscas. Reflexiones, principios y pautas para una organización optimista*.

Na actualidade é profesora en varias escolas de negocios e imparte cursos e conferencias sobre a xestión do optimismo, liderado e fortalezas para a felicidade.

### Ana Gómez García

É licenciada en Psicopedagogía, Máster en Intervención na Dependencia e a Discapacidade pola Universidade da Coruña e Especialista en Dislexia.

Ten experiencia como docente e investigadora, ademais de traballar coma psicopedagoga no tratamento en rapaces/as e adolescentes.

Na actualidade está realizando a súa tese de doutoramento no Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación.

## Sandra Prieto López

É licenciada en Psicoloxía Industrial, Máster en Recursos Humanos e certificada como Coach executiva pola AECOP.

Desenvolveu a súa carreira profesional como directora de recursos humanos no sector da alimentación (Leyma Central Lechera) e a automoción (Grupo Antolín).

Na actualidade traballa como freelance a través da súa empresa, Valores, no desenvolvemento profesional e organizativo.

## Sandra Mesías Otero

É licenciada en Publicidade e Relacións Públicas, Marketing e Comunicación e Máster Experta Universitaria en Marketing.

Ten experiencia como docente na Universidade de Vigo e directora adxunta da Escola de Negocios Ingafor.

Na actualidade é consultora e freelance.

## Sofía Ramos Andrade

É graduada en Relacións Laborais e Recurso Humanos e Diplomada en Relacións Laborais pola Universidade da Coruña.

Desenvolveu a súa labor profesional enfocada ao ámbito dos RRHH en empresas como o Banco Gallego e SA e Extend RRHH. Tamén traballou con diferentes empresas implantando procesos de avaliación por competencias e xestión de talento.

Na actualidade traballa como consultora e freelance.